




# FERVENZAS DE PONTE

Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** desde Silleda: 6 km  
A pé: 2,5 km

**Dificultade:** media

**Duración:** 3 horas



## OS MUÍÑOS

Na parroquia de Ponte (Silleda). O río de Mera, afluente do Deza (Ulla), salva un desnivel en rochas graníticas con varios saltos. O máis gande ten 8 m de altura.

### CÓMO CHEGAR:

Na estrada de Silleda a Vila de Cruces, despois de 3 km (logo de pasar por debaixo da autopista) cóllese o desvío á dereita que vai a Rosende, rodéase o lugar, crúzase o río e cóllese unha pista á esquerda que leva á depuradora.

Para ir á primeira ferverza nada máis cruzar a ponte séguese pola marxe dereita río abaixo (pola conducción da depuradora) e chégase á ferverza que está situada a carón duns muíños abandonados.

Para a segunda hai que achegarse á depuradora de augas residuais de Silleda e desde alí coller un carreiro á esquerda apegado ao peche que segue a canle da depuradora e despois de aproximadamente 200 m inténtase baixar ao río por onde se poida. O terreo está cheo de mato e resulta moi complicado.

Para ir á terceira séguese a pista polo pé da canteira ata o campo de tiro onde se deixa o coche. Séguese camiño abaixo ata o río.

Se se fai a ruta completa camiñando, desde a ponte do río, son 7 km ida e volta.

